

Os ángulos da luz e da memoria

ACHEGAS A UNHA
SEMBLANZA
BIOGRÁFICA DE
ISAAC DÍAZ PARDO



Xosé Ramón Fandiño

Q 5 de xaneiro de 2012, Isaac Díaz Pardo adentrouse para sempre polos vieiros da saudade. Desapareceu a enxoita figura física de Isaac, pero quédanos o pracenteiro consolo da súa obra e dos seus emprendementos tras 91 anos ao servizo da dignidade humana e da ética por riba de todo. Un home excepcional que ao redor das fábricas de cerámica do Castro e de Sargadelos creou un inmenso paraíso de arte, industria e comunicación co que agasallou ao pobo galego.

No Instituto Galego de Información, con Isaac como director, facíanse moitas cousas: levábase a xestión de Edicións do Castro e do Novo Seminario de Estudos Galegos, taller de deseño, coidábase o patrimonio documental, a coordinación das exposicións que recorrían as Galerías Sargadelos de toda Galicia e atendíanse os interminables compromisos de Isaac, que ata os 91 anos asistiu a toda canta homenaxe se lle tributou e a todo canto acto era invitado, escribiu cantas cuartillas se lle solicitaron e atendeu as súas obrigas como presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego. Desde os seus 75 anos ata os noventa, que foi cando eu convivín con el no IGI, a súa actividade era vertixinosa. Dirixía as fábricas de cerámica do Castro e de Sargadelos e as empresas que arredor delas pivotaban: Edicións do Castro, Museo Carlos

Maside, Seminario de Estudos Galegos, Seminario de Sargadelos, IGI, etc., escribiu sen parar e colaborou con todas as causas xustas que lle solicitaron axuda, albergaba aos exiliados que regresaban e abriulle os seus arquivos persoais a quen llo pediu. Era un ir e vir sen parar. Pola mañá organizábase como podía e nunca despois das 10, case todos os días ía ao Castro a controlar que todo funcionase, regresaba a San Marcos, pasaba polo IGI e baixaba a Santiago a recoller o correo e a pasar pola galería Sargadelos, na Rúa Nova. Se se encontraba con alguén que estaba de paso por Santiago invitábao a comer con el no IGI, o que se facía ás 2,30. A veces había invitados: Granell, Sánchez Albornoz, Santiago Álvarez, Paco del Riego, Neira Vilas, Paco Lores, as fillas de Xoán Vicente Viqueira, Sánchez Guisande, Compostela e Tacholas, a filla e o neto de Núñez Búa, Rubia Barcia, Ramón Esturao, Pérez Esquivel, Peregrín Otero, Ferrín, Beiras, Axeitos, Villares, Francisco Fierros, os directivos do Castro e de Sargadelos, especialmente María Xosé Castro e Andrés Varela, os 2 únicos fieis e incondicionais a Isaac, e don Xosé María Díaz, hoxe deán e arquivero da catedral de Santiago en xullo de 2011 cando o roubo do Calixtino, que era moi amigo de Isaac porque creou para el en Edicións do Castro, a *Colección Histórico-Documental de la Iglesia Compostelana*, na que se publicaron edi-



A fábrica de Sargadelos

cións de varios Tombo e Crónicas de época que a sé compostelá garda no seu arquivo. Cos invitados era sempre moi cerimonioso e rápido en ofrecer simpatía e establecer complicitades, sobre todo se había mulleres intelixentes e guapas. Encantábanlle ese tipo de mulleres e era con elas moi amable. Como o era con todas as súas colaboradoras do IGI. Eu collín a época de Charo Portela, a eficaz coordinadora de Edicións do Castro que se entendía moi ben con Isaac, de Gloria López, que organizou a biblioteca e se converteu no alter ego de Isaac porque estaba en todo, sobre todo nas cousas de Isaac, que cando resistía no IGI e os traballadores fomos despedidos, seguiuno apoiando diariamente e foi ela a que organizou o traslado da biblioteca e do arquivo de Isaac do IGI ao seu estudo da residencia familiar do Castro; de Begoña Soneira, que estivera de encargada da Galería Sargadelos de Milán e agora no IGI como investigadora, a quen Isaac lle encargou a redacción e edición dun libro sobre o Laboratorio de Formas, un estudo de Tomás Maldonado e outro do arquitecto Constantino Candeira, moi amigo de Camilo Díaz, o pai de Isaac; a María América encargoulle a edición das cartas de Seoane a Isaac, un tomazo da colección *Documentos*; a María Díaz encargoulle un libro sobre os exiliados Antonio Baltar e outro sobre Barros Pumarino, pero falando da xente do

IGI (tamén Alfonso Mato, o fino historiador e secretario do Novo Seminario de Estudos Galegos, e os Iglesias) é ineludible lembrar a Martiño Noriega, que nos visitaba con frecuencia porque era moi amigo meu e lle gustaba o ambiente de luminosidade e creatividade que alí se respiraba e porque se sentía atraído pola personalidade de Isaac, do que terminou sendo o seu médico persoal. O apoio incondicional de Gloria e Martiño a Isaac, o seu denodado esforzo foi tan admirable que pronto o haberá que contar polo miúdo.

Continuando co seu ritmo de vida cotiá, nada máis terminar de comer, el frugalmente e sempre con auga, xa se poñía a traballar inmediatamente aínda que a esas horas era fácil que botase unha moqueada apoiado na mesa do escritorio. E pola tarde, o que fose, ou a pasaba traballando nos seus papeis e debuxando, despachando por teléfono, recibindo visitas ou desprazándose a calquera punto de Galicia para presentar un libro ou intervir nun coloquio sobre industria e cultura galega, sobre todo se se trataban temas do tempo da República, da guerra civil e do exilio, sen esquecer, fíxese sol ou lostregase, as súas frecuentes visitas á Fábrica de Sargadelos a resolver problemas ou, como el dicía “a templar gaitas e a limpar merdas”.



Carteis en favor do Estatuto de Autonomía de 1936 realizados por Isaac Díaz Pardo

A guerra civil e as utopías truncadas

Falabamos da represión da guerra civil e dos exiliados dos que el se consideraba “testamentario” porque foron eles os que lle transmitiron o compromiso con Galicia, segundo manifestou no seu discurso de aceptación da distinción de presidente de honra da Fundación do Pedrón de Ouro nun acto celebrado en xullo de 2006 no auditorio do Museo do Pobo Galego. Sempre o recordo dos “inmolados”, como seu pai e Ánxel Casal, que pagaron coa propia vida o seu tributo de amor a Galicia, e dos exiliados (sobre todo Luís Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela...), porque “quen tenta traballar para facer un mundo mellor, máis xusto, máis racional do que temos e máis fermoso, terá que contar sempre coa historia, e no noso

caso, coa historia dramática que nos condicionou... Ninguén debe pensar que recuperar a historia garda a menor intención de revancha, nin de pedir contas a ninguén. Nada estaría máis lonxe, pois o único que se pretende é que os feitos negativos non se repitan¹. Sen rancor nin ánimo de revancha, malia que ao mes xusto de estalar a guerra civil o corpo de Camilo Díaz, seu pai, apareceu vilmente asasinado en Palas de Rei, nas proximidades do lugar de Saa, parroquia de Meixide, xunto ao rianxeiro Sixto Aguirre. Isaac perdeuno todo. De ser un adolescente educado nos valores republicanos e autonomistas, pasou a ser un mozo baixo sospeita durante a guerra e a posguerra. Por diáfanas e ponderadas estremecen as páxinas que Isaac escribiu sobre estes episodios²: o taller de escenografía, impresión e pintura que seu pai tiña na

1. Isaac Díaz Pardo, *Presentación en Galiza da Biblioteca do Exilio. E unha exposición bibliográfica sobre a guerra civil e o exilio*. Instituto Galego de Información. Santiago de Compostela. Edición do Castro, 2006.

2. “Unhas notas de Díaz Pardo xustificando algunhas das ilustracións do texto e elas mesmas como ilustracións”. Epilogo ao libro de Xerardo Díaz Fernández, *Os que non morreron*, Edición do Castro, Sada, A Coruña, 1982. Testimonio de Isaac Díaz Pardo sobre a guerra civil inserido no libro de Carlos Fernández Santander, *Alzamiento y guerra civil en Galicia (1936-1939)*, T. II, pp. 595-599. Edición do Castro, Sada, A Coruña, segunda edición, 2007. A primeira edición é do ano 2000.



Díaz Pardo traballando nun cadro

Casa da Tumbona da santiaguesa rúa das Hortas, na que vivían; a escola republicana do seu mestre Xosé Teixeira; a súa participación, con 15 anos de idade, na campaña a favor do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936; a figura de María dos Chismes, a asistente doméstica que lles levou a noticia de que Camilo xa non estaba preso na Falcona, que o levaran para non se sabía onde; a fuxida de Santiago para Coruña no Castromil, con homes mortos entre a cuneta e a calzada, sen que se interrompese a circulación, pero que se visen ben, que era o que os falanxistas querían, para esconderse nos primeiros meses da guerra na casa do seu tío Indalecio. Meses despois, para poder atender os de súa nai e da súa irmá Chita e os seus propios gastos Isaac atopou traballo na casa Bianchi, un taller de pintura industrial da Coruña no que rotulaba tranvías e decoraba os escenarios nos que se celebraban as vitorias do exército sublevado.

Nun deses artigos Isaac refire que viviu sempre cun sentimento de culpabilidade na sospeita de que seu

pai morrera para salvalo a el ou que pagou por el as débedas que puidese ter, pero tamén explicita que fixo todo o posible “por superar o trauma e enterrar todo resentimento, ollando para adiante, poñendo por riba de todo unha esperanza para o futuro para axudar a vivir a todos, un futuro que hai que facer sen esquecemento da historia³”.

En 1936, con 15 anos de idade, Isaac implicouse na campaña a favor do Estatuto de Autonomía de Galicia. No taller de Díaz Baliño realizouse case toda a propaganda do plebiscito. Camilo fixo un cartel e Isaac catro, tres asinados co pseudónimo Xalo e outro co seu propio nome. Castelao, que andaba moi atarefado coa campaña plebiscitaria non tiña tempo de componselos, así que lle deu uns debuxos e as instrucións precisas e díxolle: “Isaíño, faimos ti”. Pouco antes, Isaac, que ademais de ser un rapaz inquieto e moi activo politicamente, pois militaba nas Xuventudes Socialistas Unificadas e participaba con moito entusiasmo nos actos de apoio e propaganda autonomista, discutiu iradamente co seu pai, Castelao e Ánxel Casal aos que acusou de demasiado culturalistas e pouco comprometidos coa restauración política de Galicia e díxolles: “Claro, vostedes, os galeguistas, son así porque son uns reaccionarios”. Castelao riuse polo baixo e dixo: “vaia co rapaz”, Casal mantivo a compostura, pero mostrou o enfado e Isaac tivo que escapar correndo do taller de seu pai, ante os improperios que este lle dedicaba.

Estudante de Belas Artes e singular artista plástico

En 1939, ao resultarlle impensable a súa idea de facerse arquitecto, con axudas económicas diversas trasladouse a Madrid para estudar na Escola Superior de Belas Artes de San Fernando. Participou na primeira experiencia en España de deseño industrial da Escola da Palma, visitou en viaxe de estudos os museos máis importantes de Roma, Siena e Florencia, exerceu de profesor de debuxo na Escola de Belas Artes San Jordi de Barcelona e desde 1943 a 1948 dedicouse integramente á pintura e realizou numerosas exposicións na Coruña, Vigo, Madrid, Barcelona e Londres con grandísimo éxito. E no momento en

3. “Unhas notas de Díaz Pardo xustificando algunhas das ilustracións do texto e elas mesmas como ilustración”, Epilogo ao libro de Xerardo Díaz Fernández, *Os que non morreron*, Edicións do Castro, Sada, A Coruña, 1982.

que se erixía coma o valor máis consagrado da plástica galega do seu tempo, decidiu abandonar a pintura porque iso de andar pintando cadros e despois venderllos aos capitalistas facía sentir incómodo. Sempre que se lle preguntaba que por que abandonara a pintura contestaba que porque lle dera a gana, pero hai outras razóns moi importantes: o pintor Álvarez de Soutomaior, daquela director do Museo do Prado, asistiu á clausura dunha exposición de Isaac na Coruña e transmitiulle un recado do xeneral Franco (“el caudillo se interesa por Vd.”), pois, ámbolos dous ferroláns que naceran en casas pegadas, fora amigo da infancia e compañeiro de colexio de Camilo Díaz e mantiveran un difuso contacto durante algún tempo. E Franco, usando como intermediarios a Coullat Valera e Pedro Muguraza, ofreceulle a posibilidade de participar na decoración do Val dos Caídos (“Me arrinconé porque odio el oportunismo. Por eso abandoné la pintura. Lo hice cuando Franco me invitó para pintar El Valle de los Caídos... Yo prefería cortarme una mano antes de colaborar con el Régimen de Franco en el Valle de los Caídos”⁴).

Alicerces da cerámica industrial: O Castro de Samoedo

Abandona, pois, o seu cabalete e instálase no Castro de Samoedo, onde casara en 1945 con Carmen Arias de Castro, familiarmente coñecida por “Mimina”,

unha prometedora acuarelista formada no estudio coruñés de María Dolores Díaz Baliño, “a tía Lolita”, e na Escola de San Fernando de Madrid e creadora de moitos dos decorados das pezas do Castro nos anos cincuenta e sesenta. En terreos do Pazo do Castro de Samoedo, propiedade da familia de Mimina, Isaac montou un laboratorio para estudar as mesmas arxi-



Catálogos de exposicións realizadas por Díaz Pardo en Vigo en 1947 e en Barcelona en 1951



Lorenzo Varela con Díaz Pardo e a súa esposa

4. Entrevista do xornalista J.L. Castro a Díaz Pardo no nº 17 da revista *Cauce* 2000 (1986).



CUADERNOS DEL LABORATORIO
DE FORMAS DE GALICIA

1



O LIBRO GALEGO A DISCUSION
CUADERNOS DEL LABORATORIO
DE FORMAS DE GALICIA

2



PRESENCIA DE
GALICIA

3



INAUGURACION DA GALERIA
SARGADELOS EN MADRID

CONFERENCIAS DE RAMON PIÑEIRO,
DOMINGO GARCIA SABELL,
JUAN RÓI CARBALLO E RAFAEL DIESTE

4

PICASSO
GRABADOS



MUSEO CARLOS MASIDE
EL CASTRO - SADA - LA CORUÑA + DEL 20 DE AGOSTO AL 10 DE SEPTIEMBRE

MIRÓ
GRABADOS

SOLANA
OLEOS




MUSEO CARLOS MASIDE
EL CASTRO - SADA - LA CORUÑA + DEL 20 DE OCTUBRE AL 20 DE NOVIEMBRE 1971

GUINOVART



MUSEO CARLOS MASIDE
EL CASTRO - SADA - LA CORUÑA
DESDE EL 10 DE ABRIL 1973

ESPINOZA
CERAMICAS



SALA DEL MUSEO CARLOS MASIDE
24 DE JULIO AL 31 DE AGOSTO DE 1974

ESTA EXPOSICION ESTA ORGANIZADA POR EL SEMINARIO DE ESTUDIOS CERAMICOS DE SARGADELOS

Carteis dalgunbas exposicións programadas no Museo de Arte Galega Contemporánea Carlos Maside

las caoliníferas que Antonio Raimundo Ibáñez usara para fabricar louza en Sargadelos. Entre 1946 e 1949 fanse os primeiros ensaios e o resultado da experiencia fixo posible que se constituíse a *Fábrica de Cerámicas do Castro*. Iniciouse a comercialización das pezas en 1950 e en 1952 tiña xa un cadro de persoal próximo ao cento de traballadores e cuns produtos con boa aceptación no mercado. Nun principio a produción consistiu case exclusivamente en

súa pintura e a produción cerámica do Castro no Centro Galego de Bos Aires e acepta a invitación de montar a *Fábrica de Porcelanas Magdalena*, na marxe dereita do Río da Prata, a 108 quilómetros de Bos Aires, semellante á que fixera no Castro, aínda que máis evolucionada, baixo os auspicios dunha sociedade denominada Celtia S.A., da que formaban parte Cerámicas do Castro e moitos dos exiliados.



Laboratorio de Formas, portadas dos últimos cadernos

reproducir en porcelana finísimas pezas decorativas orixinais de Isaac. Pouco despois xa se iniciou a fabricación de servizos de mesa. Tratábase, por tanto, de volcar a arte en produtos de consumo popular, capaces de integrar a arte e o deseño na cadea de produción industrial, de facer unha seriación mecánica e achegarse ao concepto máis moderno de igualitarismo e benestar social.

A Magdalena, ponte coa Galicia do exilio

Os ecos das virtudes da planta de cerámica do Castro chegaron á outra beira do Atlántico e Isaac, decepcionado pola venda dos xacementos de caolín aos alemáns, animado pola ansia de liberdade que se instalara na Arxentina trala caída da ditadura do xeneral Perón e, sobre todo, pola posibilidade de contactar cos exiliados que estaban levando a cabo un labor de tanta lealdade con Galicia, en 1955 viaxa a Arxentina para dar a coñecer a

Moito máis alá de ampliar a experiencia do proceso industrial do Castro, a estada arxentina supúxolle a Díaz Pardo o reencontro coa Galicia do exilio e con Luís Seoane especialmente, a quen coñecera xa antes da guerra no taller do seu pai, cando Isaac tiña 15 anos e Seoane xa se licenciara en Dereito. Separados polas consecuencias da guerra mantiveron unha ampla correspondencia e Isaac colaboraba na revista *Galicia Emigrante* que Seoane dirixía en Bos Aires.

Laboratorio de Formas

A estancia americana resultou ser unha decisión de profundas consecuencias para a cultura galega. En Magdalena ou en Bos Aires, Isaac mantivo numerosas reunións coas figuras esenciais da cultura galega alí transterradas, nas que se concibiron diversas actuacións tendentes a recuperar a memoria histórica de Galicia, interrompida en 1936. A idea concretouse na creación do *Laboratorio de Formas de Galicia*, ente

teórico e viveiro de ideas, creado en 1963 ao asinarse un convenio de colaboración entre Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, aos que pouco despois se uniu o arquitecto Fernández-Albalat.

A primeira actividade do Laboratorio de Formas, logo de firmar un acordo coa empresa que estaba traballando no Castro, tiña tres vertentes:

--A primeira, unha actuación editorial, que deu comezo en 1963 coa publicación de 2 carpetas de gravados de Luís Seoane: *El toro Júbilo e O Meco*. Desde aquela e ata os acontecementos de 2006, Edicións do Castro publicou máis de 4.500 títulos nas súas coleccións de poesía, ensaio, narrativa, filoloxía, economía, teatro, etnografía, arte e historia, e moi especialmente a colección *Documentos* na que se tratou de recuperar a memoria perdida, sobre

todo o referido aos acontecementos da guerra civil en Galicia. Pero Edicións do Castro tamén se ocupou do extraordinario labor que fixeron os exiliados durante a ditadura franquista, pois desde o IGI se investigaron as súas actividades, sobre todo as dos máis descoñecidos, e publicáronse as súas obras. E de forma conxunta coa Editorial Renacimiento de Sevilla, coordinados polo Grupo de Estudos del Exilio Literario (GEXEL) da Universidade Autónoma de Barcelona, Manuel Aznar Soler, Díaz Pardo, Pepe Esteban, Abelardo Linares e Charo Portela puxeron en marcha en 1999 a Biblioteca del Exilio, que recuperou a obra escrita polos autores do noso exilio de 1939. A pretensión era publicar 100 títulos, pero ao pecharlle a Isaac o obradoiro de Gráficas do Castro, que era onde se publicaban os libros, a Biblioteca do Exilio quedou interrompida ao chegar a 40 obras.

Conta Nicolás Sánchez Albornoz (*Cárceles y exilios*, Anagrama, 2012), que en 1948 logrou fuxir do

campo de traballo forzado de Cuelgamuros e se refuxiou en París, onde se atopou con Pepe Martínez, co que en 1962 creou a editorial Ruedo Ibérico: “El desafío en que se embarcó el exilio para desmontar con las armas de la inteligencia la infamia de la dictadura”. Tan pronto tivo noticia de tal iniciativa, Isaac presentouse en París para coñecer a Martínez Guerricabeitia e tratar posibles temas de colabora-



Díaz Pardo diante de Sargadelos

ción. O primeiro proxecto en común foi publicar un libro sobre Castelao. Isaac estaba indignado porque en 1964 para conmemorar os “25 anos de paz do réxime de Franco” o Ministerio de Información e Turismo de Fraga Iribarne publicou un libro utilizando a Castelao como un debuxante folclórico e despolitizado. Para contrarrestar esa visión negadora da auténtica fasquía de Castelao, Ruedo Ibérico e Díaz Pardo publicaron en edición bilingüe un libro con textos de Castelao, cuberta de Luís Seoane e un prólogo do xornalista Alberto Míguez que levaba por título *El pensamiento político de Castelao*, que lle supuxo ao prologuista o cese fulminante como director do diario económico *3 E* e un proceso no TOP que o condenou a 6 meses de prisión e a pagar unha multa de 50.000 ptas. Ao ano seguinte, este mesmo selo editorial publicou *Galicia hoy*, obra coordinada por Luís Seoane e Isaac baixo os pseudónimos de Santiago Fernández e Maximino Brocos. Eles recolleon en Arxentina e Galicia os artigos, as fotografías,



Porcelana do Castro dos anos 50

os debuxos, as pinturas e o diñeiro preciso e puxérono todo nas mans do director de Ruedo Ibérico, que lles devolveu ao país suramericano as pranchas xa listas para imprimir na Imprenta López, que era coa que Seoane traballaba en Bos Aires⁵. Rematada a edición, enviaron os libros a París para iniciar a distribución internacional.

A partir destes 2 libros a colaboración entre Isaac e Pepe Martínez xa non se interrompeu. A súa proverbial discreción ou porque “cando alguén, individuo ou persoa xurídica protexe algo e o fai constar no que protexe, a protección non pasa de ser un trasfego comercial”⁶, impediulle a Díaz Pardo explicar os innumerables favores que lle prestou a Pepe Martínez, pero que recolle Albert Forment no seu libro *José Martínez: la epopeya de Ruedo Ibérico*⁷. En 1967 Pepe Martínez disfrutou da proverbial hospitalidade de Isaac en Sargadelos e Xosé Díaz, fillo de Isaac, converteuse no principal ilustrador de Ruedo Ibérico. Cedeulle gratuitamente os locais da Galería Sargadelos de Madrid para a presentación dos seus libros. En 1979 Isaac avalou cunha hipoteca sobre o seu piso da rúa Ponzano de Madrid un crédito solicitado por Ruedo Ibérico ao Banco de Crédito Industrial co que Pepe Martínez intentaba paliar as dificultades económicas da súa editorial. Para aforrarlle gastos, desde 1980 os libros de Ruedo Ibérico imprimíronse en Galicia, na imprenta que Díaz Pardo montara para imprimir os libros de Edicións do Castro.

--A segunda vertente do Laboratorio de Formas foi fundar un Museo que recollese a obra e a documentación do movemento renovador da arte galega, ciscada polo

mundo desde 1936. Así, en 1970, en Sada, nas instalacións do Castro de Samoedo, o Laboratorio de Formas inaugurou o *Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside*, que recollía obra de Castelao, Lloréns, Asorey, Eiroa, Corredoira, Maside, Francisco Miguel, Ánxel Xohán, Colmeiro, Souto, Torres, Huici, Cristino e Maruja Mallo, Xulia Minguillón, Laxeiro, Luís Seoane, Díaz Pardo, algúns deles exiliados ou inmolados, ao mesmo tempo que actuaba como foco de actividades culturais con sesións de cine de vangarda, representacións teatrais, conferencias, encontros e a exposición por primeira vez en Galicia da obra de Picasso, Miró, Alberto, Solana, Clavé, Ginovart. Actualmente o Museo recolle unhas 2.100 obras pictóricas, ademais de arquivo e biblioteca.

--A terceira actuación do Laboratorio de Formas consistiu en “poñer un pé” en Sargadelos e restaurar a súa actividade. E así, en 1964 o Laboratorio de Formas constituíu a sociedade Sargadelos, Lda., que en 1968, empregando as materias primas dos depósitos veciños de caolín, iniciaba as probas nunha pequena planta experimental e o 10 de maio de 1970 inaugurouse a planta circular proxectada por Albalat e construída a 700 ms. da vella factoría de siderurxia. Desde entón a fábrica de Sargadelos, coa color azul cobalto como elemento de identificación e a actualizada estrela de sete aspas radiais da primeira época como marca, produce louza e pezas ornamentais que actúan de embaixadoras de Galicia polo mundo. Coa nova etapa de Sargadelos, o que o Laboratorio de Formas quería recuperar era o espírito ético de empresa que fora organizada e planificada polo ilustrado Antonio Raimundo Ibáñez a finais do século XVIII.

5. Xosé Ramón Fandiño e Gloria López, *Ao pé do prelo. Luís Seoane. Editor e artista gráfico*, Xunta de Galicia, 2010.

6. Isaac Díaz Pardo, *Lembranzas de Rafael Dieste*, en *Grial*, 78, Vigo, novembro-décembro, 1982, pp. 485-488.

7. Albert Forment, *José Martínez: la epopeya de Ruedo Ibérico*, Editorial Anagrama, 2000.

Os prototipos da cerámica de Sargadelos nacen da conxunción da idea básica de Seoane de querer enriquecer o mundo coa nosa diferenza e a do compromiso social das formas de Isaac. Como fonte de inspiración estúdanse as formas da arte e da cultura galega desde o paleolítico ata hoxe: as xoias castrexas, os códices medievais, a arquitectura e decoración das vellas casas mariñeiras, pero tendo en conta tamén a cultura e os movementos artísticos máis modernos, é dicir, a conciencia identitaria da tradición herdada e renovada.

Paralelamente á Fábrica de Sargadelos, en 1972 creouse o *Seminario de Sargadelos*, dedicado á análise histórica, estudo das formas e a estrutura química da cerámica, así como á organización anual das experiencias estivais de Tecnoloxía e Escola Libre, que reunía no mes de agosto a interesados nestes temas chegados de todas as partes do mundo. Nese mesmo ano inaugurouse en Barcelona a primeira Galería Sargadelos, á que lle seguiron as de Madrid, Santiago, Valencia, Sevilla, Milán, Porto...

Cinco anos despois, o 26 de novembro de 1977 asinouse na sede do Museo Carlos Maside a acta de constitución do *Instituto Galego de Información*, ubicado no monte de San Marcos, en Santiago, que completaba as tres fronteas ideadas por Seoane e Díaz Pardo -arte, industria e comunicación- para a actuación do Laboratorio de Formas.

Rebelión sen causa

Tras unha vida intensa ao servizo da dignidade humana e da ética por riba de todo, Isaac Díaz Pardo, que pasou a vida creando factorías culturais e espazos contra o baleiro, foi apartado da presidencia das Fábricas de Cerámica do Castro e de Sargadelos polos accionistas. Con egoísmos e deslealdades, os seus

propios socios arredárono do control das empresas que el creou. A orixe do conflito hai que remontala a 2001, momento en que Isaac lle propón aos socios e ás empresas que cedesen a metade das súas participacións á Fundación Sargadelos que el promovía coa intención de que fose esta quen se encargase de preservar o carácter socio-cultural da empresa, aínda a costa de non repartir beneficios. Os socios, que na maioría dos casos recibiran as participacións nas empresas por deferencia de Isaac, confabuláronse para boicotear a Fundación e no ano 2006, todos agrupados, xuntaron o 63% das accións coas que, fronte ao 37% de Isaac e a súa familia, en maio de 2006 forzaron a retirada de Isaac da presidencia do Consello de Administración da Fábrica de Cerámica do Castro.



Retrato de Carmen Arias realizado por Díaz Pardo

Cando se fundou a Fábrica de Sargadelos Luís Seoane e Díaz Pardo reservaron a dirección de todo o proxecto para o Laboratorio de Formas, configurando unha empresa na que o Laboratorio de Formas participa co 18% das accións, Cerámicas do Castro co 37,64%, a Fundación Sargadelos co 9%, a Fundación Luís Seoane co 3%, o Grupo Técnico e Organizador de Cerámica de Sargadelos, establecido para conceder participacións aos técnicos da fábrica para que así puidesen intervenir na súa xestión, co 14%, repartíndose o resto socios individuais. Na

xunta de accionista de xuño de 2006, o secretario do consello de administración logrou privar do voto ao Grupo Técnico, que lle era afín, e Isaac, que non era accionista de Sargadelos senón que estaba no consello de administración unicamente como representante legal do Laboratorio de Formas, quedou en minoría e foi destituído.

Coa nova composición dos consellos de administración do Castro e de Sargadelos, os novos administradores, incumprindo todo tipo de convenios, afogan economicamente ao Laboratorio de Formas e fagotizan o funcionamento do Seminario de Sargadelos, de Gráficas do Castro, e do Instituto Galego de Información ao que lle cortaron todo tipo de financiación, incluídos os salarios dos seus traballadores e os seus gastos correntes máis fundamentais.

O caso do Grupo Sargadelos e a destitución de Isaac conmocionou o mundo cultural galego e desatouse unha auténtica ferverza de actos de desagravio e de recoñecemento aos seus innumerables méritos. Pola súa relevancia simbólica e institucional é de salientar o manifesto que máis de mil intelectuais galegos, encabezados polas firmas de Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe e Manuel Fraga Iribarne lle presentaron en xaneiro de 2008 ao presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, no que lle pedían que por constituír un patrimonio cultural de Galicia enteira, mediante o procedemento acaído, preservase e garantise a continuidade e supervivencia do complexo “O Castro-Sargadelos” a cuberto de calquera eventualidade e de calquera peripecia empresarial que o puxese en perigo de desnaturalización, estrago ou desaparición.

Destituído, pois, de todos os seus cargos a Isaac só lle quedaba o seu posto de conselleiro delegado do Instituto Galego de Información, o seu último bastión no grupo Sargadelos, que foi a súa vivenda e o seu centro de operacións durante máis de 20 anos. Para resistir no IGI, coa saúde xa moi deteriorada (hiperglucemia, prostatismo, pancitopenia, hepatite C, hipertensión arterial, insuficiencia cardíaca) tivo que facer fronte a todos os gastos do inmenso edificio de 10.000 m²: auga, luz, calefacción, teléfono e das facturas de imprenta dos 3 últimos libros de Edicións do Castro.

Aos novos administradores como lles fracasou a súa estratexia de asedio ao IGI para que Isaac o abandonase, en decembro de 2008 forzaron a convocatoria dunha xunta xeral de accionistas co principal obxectivo de destituílo, pero a forte oposición do grupo minoritario salvaron a Isaac porque convenceron ao presidente da reunión, Víctor Rupén, para que non sometese a votación a destitución do consello de administración, alegando que non figuraba na orde do día da reunión, convocada por orde xudicial.

Dous anos despois, a petición da maioría, o xuíz do Mercantil número 1 da Coruña ditou un auto ordenando convocar unha nova xunta de accionistas do IGI para o 11 de xaneiro de 2010. Desta vez, na orde do día figuraba expresamente a destitución de Isaac e o nomeamento de novos administradores. Isaac afrontou este novo escarnio convalecente aínda dunha operación cirúrxica de hernia inguinal estrangulada que se lle efectuou o 17 de decembro de 2009. Aínda así, acompañado polos seus colaboradores máis estreitos, sobre todo pola leal e eficiente Gloria López, dirixiu a evacuación da súa biblioteca persoal e a documentación que custodiaba no IGI: 30.000 libros, entre os que figuran as primeiras edicións de toda a produción literaria e ensaística dos intelectuais galegos exiliados na Arxentina; os restos que sobreviviron ao espolio perpetrado polos sublevados no domicilio de seu pai; o fondo documental que sobre a Guerra Civil e o Consello de Galiza, que para a súa conservación lle confiaron ao Laboratorio de Formas Chamoso Lamas e Alberto Vilanova; a colección completa e os orixinais de Edicións do Castro; o fondo da editorial Ruedo Ibérico e o do vello e novo Seminario de Estudos Galegos; a súa correspondencia con Ramón Cabanillas, Seoane, Núñez Búa, Rafael, Dieste, Euxenio Granell...; o arquivo fotográfico, de deseños e de infinidade de obras plásticas. Montañas de documentos aos que habería que engadir a biblioteca de Rafael Dieste, que el doou a Laboratorio de Formas, etc. Catro camións dunha empresa de mudanzas trasladaron todo este inxente patrimonio bibliográfico e documental ao estudo do seu domicilio familiar do Castro de Samoedo. E Isaac, home honesto e escrupuloso cumpridor do seu deber, escribiulle unha carta aos socios do IGI na que, entre outras cousas lles dicía que “Ao fin chega o momento no que teño que despedirme de vós. Unhas circunstancias excepcionais na máquina da xustiza acabaron con todo o que tiña un



Díaz Pardo co seu equipo de colaboradores do Instituto Galego de Información

significado reivindicativo da cultura galega no Grupo Sargadelos... O Seminario de Sargadelos, aínda que era unha institución tecnolóxica e científica, completábase cunha sección de comunicación que deseñaba e vixiaba que Sargadelos non pasase de ser só un negocio. Edicións e Gráficas do Castro foron as que crearon ese concepto de reivindicación da memoria histórica que logo en Madrid converteron en lei. E ao IGI, que xa estaba ferido de morte, tocoulle este 11 de xaneiro recibir a derradeira puñalada... Renuncio a seguir loitando seguro de que as responsabilidades virán aínda que non me atopen vivo". E chegou o infeliz día sinalado polo xuíz para a celebración da xunta de accionistas do IGI. Isaac xa non estaba en San Marcos. Pola mañá acudiu a Viveiro a comparecer no xulgado para ratificarse na querela que presentara contra 6 administradores de Sargadelos, aos que acusaba dun delito societario por tomar decisións empresariais na súa contra. Pola tarde tivo lugar a xunta de accionistas do IGI á que non asistiu Isaac e na que o seu fillo Camilo lle entregou unha carta á avogada que presidiu a reunión designada polo Colexio de Avogados de Santiago por orde xudicial, na que Isaac presentaba a súa dimisión irrevogable, que lle permitía irse antes de ser destituído. A maioría, o Grupo Sargadelos que controla o 75% do accionariado do

IGI, votou por un novo equipo directivo que, nunha xogada de perversidade moral, incluía a Isaac, e que, por suposto, non aceptou.

E así rematou a andaina do Laboratorio de Formas, que foi o que posibilitou que da unión de dúas personalidades creadoras e visionarias como a de Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo dese lugar á proposta cultural máis importante e transcendente de cantas se teñan feito na Galicia posterior ao ano 36.

En compañía de Mimina, Isaac instalouse a vivir no Castro de Samoedo, desde onde seguiu loitando coas forzas que lle quedaban para que o Laboratorio de Formas recuperase a dirección ideolóxica do Grupo Sargadelos, organizou o envío de parte do seu legado documental á Biblioteca de Galicia da Cidade da Cultura e preparou a súa derradeira exposición pictórica, *Pinturas e fracasos*, na Casa da Parra de Santiago en 2011. Eu tiven a fortuna de convivir con Isaac ata o momento mesmo en que o obrigaron a abandonar o Instituto Galego de Información, a factoría cultural do grupo Sargadelos, no que traballei con el durante 15 anos. Para min máis que un xefe foi un mestre e un compañeiro de traballo. Unha torre de ética por riba de todo.